

JOHN FROM

[João Nicolau, 2015]

161

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 10.10.2016 | 17:30 | 21:30 | V.O.S.E.

John From (2015, 100')

Dirección: João Nicolau

Guión: João Nicolau

Reparto: Júlia Palha, Clara Riedenstein, Filipe Vargas, Leonor Silveira, Adriano Luz, Leonor Silveira, João Xavier, Daniel Cotrim

Montaxe: Alessandro Comodin, João Nicolau

Dirección de arte: Andresa Soares

Vestuario: Salomé Areias, Marisa Ribeiro

Son: João Paulo Santos

Música: João Lobo

Fotografía: Mário Castanheira

Produtora: O Som e a Fúria (Portugal)

Distribuidora: O Som e a Fúria

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA

Gambozinos, 2013

[curtametraxe]

O Dom das Lágrimas, 2012

[curtametraxe]

A espada e a rosa, 2010

Canção de amor e saúde, 2009

[curtametraxe]

Rapace, 2006

[curtametraxe]

FESTIVALS

BAFICI 2016 (nomeado a mellor filme),

Torino 2015 (nomeado a mellor filme)

SINOPSE

Rita pasa os longos días de verán coa súa rubia amiga e veciña Sara, coa que se deixa mensaxes nun oco do ascensor. A súa mente empeza a vagar por mares lonxanos cando ve unha exposición sobre Melanesia, e descubre que ese esplendor foi retratado polo novo veciño que acaba de mudarse ao edificio. Ese vai ser o seu novo amor, cuxa influencia cubrirá a súa vida co exotismo de Gauguin nun halo sobrenatural.

«Rodada nun fílmico que fai que cada cor se transforme nunha explosión visual, *John From* dá os seus primeiros pasos como un descendente indirecto do cinema de Eric Rohmer»

Diego Brodersen. DIARIO PÁGINA 12



CURTOCIRCUITO

AULA OS OLLOS VERDES CON JOÃO NICOLAU

«Só pracer: música e cinema»

Luns 10 de outubro, 19:30

Entrada de balde previa reserva

Duración estimada: 2 horas

«Os adolescentes teñen unha enerxía diferente aos adultos»

Entrevista a João Nicolau

Tanto a súa última curtametraxe, *Gambozinos*, como *John From*, céntranse nas vacacións de xente nova e retratan situacións de amor xuvenil. Que lle atrae desas situacións? É

ben curioso iso que vostede di sobre as vacacións porque eu non tiña reparado. Probabelmente ten relación co feito

de que escribo os meus guión xa coa intención de rodalos no verán, porque me gusta máis a luz dese tempo, no cal podemos filmar durante máis horas escenas de exteriores.

Os meus filmes son sobre mozos adultos, que teñen en certa maneira os mesmos problemas que o director. A partir de certa altura pasei a interesarme por ouvir a persoas de xeracións diferentes. No caso de *Gambozinos* crianzas de 10 anos, no de *John From* adolescentes de 15, e no meu próximo filme será un señor de 65 anos. Esa é tamén unha maneira de continuar a motivarme, de ter novos desafíos e ir coñecendo o mundo a través do que eu fago, que é o cinema. Con *John From*, aprendín moito sobre os mozos de hoxe en día en Lisboa. Foi bo traballar con adolescentes, que teñen unha enerxía, un entusiasmo e unha vontade de facer cousas que é necesariamente diferente que o dos adultos.

E o feito de ser a protagonista de *John From* unha rapaza... Esa é outra cousa que ía dicir... Esa é a primeira vez que un filme meu ten unha protagonista feminina e iso tamén foi un desafío. Está a haber un movemento na miña carreira na procura de cousas diferentes e retratar unha protagonista feminina foi entrar nun novo universo. Na cuestión dos diálogos, por exemplo, había palabras que eu non sabía como soarían ditas por unha rapaza...

Nesta abordaxe feminina axudoulle ter a Mariana Ricardo como axudante de guión? Axudou bastante. Mariana

xa me tiña axudado na miña longa anterior, *A Espada e a Rosa*, e imos seguir traballando xuntos na miña nova longametraxe. Mariana e máis eu medramos no barrio de Telheiras, en Lisboa, o mesmo lugar onde se filma *John From*. Por tanto ela foi unha adolescente da mesma idade e viviu no mesmo barrio da protagonista do filme. Para escribir para unha personaxe feminina había un tempero de Mariana moito maior que nos meus outros filmes.

Á hora de captar a individualidade da personaxe emprega varios procedementos como o primeiro plano ou unha escena na que unha mesma situación se repite desde distintos puntos de vista. O filme é un

tour de force da personaxe e da actriz. Non hai case ningún plano no que ela non apareza e iso xa di moito sobre a miña vontade. Interésame percibir como a personaxe vive determinadas cousas, nese caso a paixón, a relación coa amiga, como é que esa paixón transforma a cabeza dela, o corazón, o corpo...

Actualmente o envío de mensaxes a través do móbil refírese nos filmes como un acto sen importancia mais o que eu vexo é que aí pasan cousas serias. Por iso existe ese diálogo, para entrar en serio na visión da personaxe, e esta escena fálanos moi claramente do que é o filme.

A partir de aí eu coido que o filme vaise transformando xunto coa personaxe. Hai momentos melodramáticos, hai momentos que nós, espectadores máis vellos, podemos encontrar algo ridículos e rirnos, momentos de tensión por causa dos ciumes coa amiga. O filme tenta interactuar con esas situacións.

Publicado en: <http://cinefestivals.com.br/>
Traducións: Xan Gómez Viñas

OS LIBROS DE JOÃO NICOLAU

Memorias póstumas de Brás Cubas, Machado de Assis. Eneida, 2012

Un vaso de cólera, Raduan Nassar. Sexto Piso, 2016

Muerte a crédito, Louis Ferdinand Céline. Debolsillo, 2012

La invención de Morel, Adolfo Bioy Casares. Alianza, 2015

Historias de amor, Robert Walser. Siruela, 2010

Noa Noa: diario de Tahití, Paul Gauguin. Parsifal, 1998

Robert Crumb, Robert Crumb. Paris-Musées, 2012

Paciencia, Daniel Clowes. Fulgencio Pimentel, 2016

Intrusos, Adrian Tomine. Saprísti, 2016

Agujero negro, Charles Burns. La Cúpula, 2013

Sonetos, Luis de Camões

Contos do Gin-Tonic, Mário-Henrique Leiria

Walt, Fernando Assis Pacheco

Requiem Para D. Quixote, Dennis McShade

Poemas de amor del Antiguo Egipto, VV.AA.

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Colaboran:



CONCELLO DE SANTIAGO



Deputación DA CORUÑA


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME